

Na senda da excelencia



Prezada comunidade:

De xustiza nos parece despedirnos de vós ata a volta do Nadal cun enorme GRAZAS, así como engadir nesta derradeira newsletter do 2025 unha sucinta recompilación dos logros acadados este ano, porque de xustiza tamén é conceder o merecido aprecio ao traballo feito.

Certo é que aínda non fomos quen de reunir nunha mesma foto ás 150 persoas protagonistas desta historia, persoal investigador senior e junior, dirección e equipo de xestión e comunicación de ECOBAS.

Así pois, na nosa carta de desexos para o 2026, este será un deles.



Foto de equipo no marco da visita institucional da Xunta de Galicia a ECOBAS, maio 2025

Namentres, aquí amosamos unha pequena escolma de imaxes (dun total de 60 actividades propias realizadas en 2025) co ánimo de ilustrar a boa marcha do noso centro, panorámica da intensa actividade que estamos a desenvolver grazas á suma de vontades e esforzos de todo o equipo. Parabéns!!!



Xaneiro: Presentación LAB ECOBAS



Febreiro: I Xornada Centros de Investigación Marzo: Inauguramos o novo espazo ECOBAS na Interuniversitarios do SUG, na que contamos coa Coruña, no ESCI da UDC. participación do exministro Joan Subirats.





Abril: Divulgación nas escolas de toda Galicia



Maio: Os responsables da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional visitan ECOBAS



Xuño: International Conferences



Xullo: 2ª edición da ECOBAS Summer School

Meses de verán: Itinerario do alumnado do Programa de Bolsas de Inicio á Investigación



Setembro: Equipo ECOBAS na expofeira G-Night



Outubro: BOOST4HE, sinerxias entre centros de investigación na UVigo

Vémonos á volta!



Novembro: Durante a xornada organizada por ECOBAS en Larouco, zona cero da catástrofe, o bombeiro Iván Pérez explica as circunstancias da vaga de incendios forestais do pasado verán.



Decembro: Funcionalidades ECOBAS Cloud e formación en competencias dixitais para o persoal investigador ECOBAS.

Rematamos aquí polo de agora, pero xa vos anunciamos que volveremos con moita forza no 2026, que arrancaremos con moi boas novas para o noso entro de investigación.

Desexámosvos unhas **moi felices festas de Nadal** e agardámosvos á volta para encarar un venturoso 2026 cunha chea de proxectos e novos retos conxuntos.

E aquí vos compartimos este pequeno clip, resumo do sentir xeral no día da nosa xuntanza anual.

Unha forte aperta,
Equipo ECOBAS.

ECOBASES

Na senda da excelencia 

A nosa comunidade é o mellor agasallo que poderíamos ter pedido.

Grazas por este ano de éxitos.

E Benvido, 2026!! 

Merry Christmas